

Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SILLEDA

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

ANUNCIO (EXPEDIENTE 1271/2023)

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamacións, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 01 de setembro de 2023, de aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora da taxa por Servizo da Escola de Música Municipal de Silleda, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 12/09/2023 (BOPPO nº 176), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZO DA ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais., e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo Texto legal, acorda a imposición e ordenación da Taxa por Servizo da Escola de Música Municipal de Silleda.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1.— Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación do servizo da Escola de Música Municipal de Silleda.

A Escola de Musica Municipal dispón de dous centros educativos, un na vila de Silleda e outro na da Bandeira, en ambos se imparten as asignaturas de linguaxe musical, música e movemento

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:5ZEY457SS18GC2UM



Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

e instrumento, con isto ofrécese a oportunidade a alumnos/as, de todas as idades, tanto de aprender como de perfeccionarse no coñecemento da música.

De igual xeito a Escola de Música Municipal ofrece a posibilidade, aos alumnos/as que o desexen, de prepararse para acceder ao grao profesional do Conservatorio.

2.— A tal efecto, consideraranse suxeitos á Taxa todas as ensinanzas e materias que a Escola de Música Municipal imparte durante o período lectivo comprendido entre os meses de outubro e xuño.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

1.— Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas que se matriculen nunha ou máis das materias impartidas pola Escola de Música Municipal de Silleda.

2.— Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o pai, nai ou tutor da persoa física matriculada nos casos en que se trate de menores de idade.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

- Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ás que se refiren os artigos 35.1 e 36 da Lei Xeral Tributaría.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARÍA.

A cota desta taxa será a que figura a continuación en función das materias impartidas. Cando por circunstancias excepcionais o servizo non poda ser prestado de xeito presencial e se preste de xeito telemático a cota que figure no anexo se reducirá nun 50%* Importe por usuario.

	1 IRMÁN	2 OU MAIS IRMÁNS*	FAMILIA NUMEROSA*	DISCAPACIDADE 33%
Linguaxe Musical e instrumento	60 €	48 €	36 €	36 €
Linguaxe musical	30 €	24 €	18 €	18 €
Instrumento	40 €	32 €	24 €	24 €
Música e movemento	30 €	24 €	18 €	18 €
Análise/armonía	40 €	32 €	24 €	24 €
Clases colectivas de instrumento	30 €	24 €	18 €	18 €
2º instrumento adicional	20 €	16 €	12 €	12 €
Matrícula	30 €	30 €	30 €	30 €

ARTIGO 6º. BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.



Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

ARTIGO 7º. DEVEÑO, PERÍODO IMPOSITIVO E SOLICITUDES DE ALTA E BAIXA.

1.— A taxa deveñarase mensuamente, coa formalización da matrícula na/as materia/as elixida/as, no período comprendido entre os meses de outubro e xuño.

2.— O período impositivo coincidirá co mes natural, liquidándose nos dez primeiros días de cada mes.

3.— Os suxeitos pasivos ou substitutos do contribuínte formularán a solicitude de matrícula como alumno da Escola de Música Municipal de Silleda e surtirá efecto tributario no mesmo momento de presentarse a solicitude.

4.— Os suxeitos pasivos ou substitutos do contribuínte formularán as solicitude de baixa como alumno da Escola de Música de Silleda do censo de alumnos e surtirá efecto no trimestre lectivo seguinte ó da presentación da mesma.

ARTIGO 8º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.— A taxa por matrícula esixirase en réxime de autoliquidación.

2.— Cando se presente a solicitude de inscrición trimestral para a utilización dos servizos da escola de música, presentarase debidamente cumplimentado o impresu de autoliquidación da taxa.

3.—Alternativamente, poden presentarse na oficina municipal correspondente, os elementos da declaración, ao obxecto de que un funcionario municipal preste a axuda necesaria para determinar a débeda.

4.— Os alumnos que se encontren nos supostos de tarifa reducida, deberán de unir ao impresu de autoliquidación os seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Documentación acreditativa da discapacidade.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación entrará en vigor coa correspondente publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:5ZEY457SS18GC2U



Venres, 10 de novembro de 2023

Núm. 217

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Coa entrada en vigor da presente ordenanza quedan derogadas todas as anteriores ordenanzas municipais reguladoras de esta materia.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza fiscal únicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Silleda, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde. Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte endereço:
<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:5ZEY457SS18GC2UM

